

Datas de realización: 22, 23, 25, 26, 29 e 30 de xuño, do 1 ó 31 de xullo e do 1 ó 9 de setembro (agás sábados, domingos e festivos).

Lugar de realización da actividade: CEIP As Fontiñas (Rúa Roma 21) e CEIP Raíña Fabiola (Rúa Entregaleras, 15).

Horarios e servizos que se ofrecen:

Horario: de **7,45 h. ata ás 16,00 h.**, coas seguintes modalidades:

- Madrugadores : de 7,45 ás 09,00 h.
- Obradoiros e actividades: de 09,00 a 14,00 h.
- Servizo de comedor: de 14,00 ás 16,00 h.



PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA VERÁN 2015



Máis información:

Departamento de Educación. Tfno: 981 55 44 00

dptoeducacion@santiagodecompostela.org;
www.santiagodecompostela.org; santiago@actex.es; actex@actex.es

Teléfono de Coordinación e Secretaría: 666 582 190

O Programa Municipal de conciliación VERÁN 2015 ten como obxectivo favorecer a conciliación da vida familiar e laboral ofrecendo aos nenos/as unha alternativa de lecer no tempo libre desenvolvendo valores de cooperación, respecto e tolerancia, e a dar a coñecer o medio ambiente, a natureza e a importancia do seu coidado e protección.

Neste programa, traballaranse diferentes temáticas coa finalidade de cumprir as expectativas e intereses dos diferentes participantes:

- **Do 20 ao 30 de xuño “PROGRAMA MOZART”:** obradoiros de instrumentos musicais, música e danzas, xogos musicais...
- **Do 1 ao 7 de xullo**
 - *Fontiñas: “PEQUENOS CIENTÍFICOS”: obradoiros de experimentos, planetario, mural das constelacións...
 - *Raíña Fabiola: “PEQUENOS ARTISTAS”: obradoiros de pintura, escultura, arte na cociña...
- **Do 8 ao 15 de xullo**
 - *Fontiñas: “PEQUENOS ARTISTAS”: obradoiros de pintura, escultura, arte na cociña...
 - *Raíña Fabiola: “PEQUENOS CIENTÍFICOS”: obradoiros de experimentos, planetario, mural das constelacións...
- **Do 16 ao 23 de xullo “AVENTURA NA NATUREZA”:** actividades de concienciación medioambiental, xogos medioambientais, cociña saudable...
- **Do 24 ao 31 de xullo “A NOSA TERRA”:** actividades sobre a cultura e tradicións galegas, obradoiros de animación á lectura, xogos populares...
- **Do 1 ao 9 de setembro “OLIMPIADAS EN COMPOSTELA”:** iniciación nos diferentes deportes olímpicos, xogos de relevos..
- As actividades están dirixidas a nenos e nenas con idades comprendidas **entre os 3 e os 12 anos; é dicir, dende o 2º ciclo de educación infantil ata o 3º ciclo de Educación Primaria.**

ACTIVIDADES

SAÍDAS E ROTEIROS MEDIOAMBIENTAIS
OBRADOIROS MANUAIS E DE RECICLAXE
OBRADOIROS DE COCIÑA
XOGOS GRUPAIS
XOGOS DE AUGA
XOGOS POPULARES
AGRICULTURA ECOLÓXICA
ACTIVIDADES DEPORTIVAS
ANIMACIÓN Á LECTURA



INFORMACIÓN DE INTERESE:

- Todo o alumnado debe traer unha **MOCHILA, etiquetada co seu nome**, coa merenda e unha botella de auga. Para evitar extravíos pregamos que todas as chaquetas veñan tamén rotuladas con nome e apelidos.
- **MANDILÓN (opcional):** Tanto para o comedor como para as actividades, debido a que realizarán actividades con produtos que poden manchar a roupa.
- **Roupa cómoda e calzado deportivo**, xa que imos realizar xogos e actividades nos pavillóns dos colexios.
- **Vanse realizar xogos e ximkanas de auga**, sempre e cando as condicións climatolóxicas o permitan. Con tal motivo e pola variabilidade do tempo que temos en Santiago, recomendamos que para que os nenos/as poidan gozar dos xogos de auga sempre que faga calor, **traían todos os días na mochila o traxe de baño, chanclas e unha pequena toalla.**
- **Para o comedor**, todo o alumnado poda traer, ademais do mandilón, un **necesar con úteis de aseo debidamente etiquetados.**
- **Para a seguridade do alumnado, as portas do centro permanecerán pechadas e abriranse 15 minutos antes do horario de recollida** (no caso de que precisen recoller ao seu fillo/a antes deste horario deberán comunicarllo ás monitoras ou chamar ao teléfono de secretaría indicado). O horario de recollida do servizo de comedor será a partir das 15.00 horas.
- Están previstas varias **saídas ó longo do Programa (saídas pola cidade...)**. Para estas saídas é imprescindible que asinen a autorización que se lles entrega. No caso de que algún alumno/a non estea autorizado quedará no colexio acompañado dos correspondentes monitores/as.
- A **entrada aos colexios** realizaranse pola entrada principal de ámbolos centros, en As Fontiñas no edificio de primaria (R/ Roma 21) e en Raíña Fabiola pola entrada de acceso ao centro escolar (R/ Entregaleras, 15).

